

# MERCEDES ROMERO

Mercedes Romero Abella naceu en Cee (A Coruña) en finais do mes de xuño de 1907. O seu pai, Manuel Romero, traballaba como fotógrafo na veciña vila de Corcubión, onde vivirá a familia durante os primeiros anos de vida de Mercedes. Sendo moi nova, concretamente en 1922, deslocouse á Coruña: Mercedes quería ser mestra.



Así, estudará na Escola Normal do Maxisterio da cidade herculina ao longo dos anos 20, igual que xa fixera a súa irmá, Rosario, mestra de Arteixo. A Coruña, berce do republicanismo mesmo en tempos monárquicos, fora sempre unha cidade progresista. As organizacións culturais, políticas e obreiras agromaban e espallaban as súas ideas a pesar do contexto da ditadura do Xeneral Primo de Rivera. Probablemente este ambiente de fervedoiro de ideas callara nunha muller de por si inqueda.

Xa co seu título debaixo do brazo, un feixe de ilusións e os 20 anos sen cumprir, comezará unha nova etapa exercendo como mestra naquela Galiza a cabalo da década dos 20 e dos 30. Era 1926 e as condicións para as mestras, sobre todo no rural galego, non eran doadas. A escola da Pastoriza (Lugo), en que Mercedes tiña a súa praza, era un bo exemplo. Porén, a súa vocación era máis forte cás contrariedades e, a pesar de enfermarse, non se rendeu e solicitou o traslado no seguinte concurso. Así, encontrámola en 1933 na escola de Meangos, Abegondo, en que apenas exercerá por problemas burocráticos e administrativos coa toma de posesión da súa praza.

# MERCEDES ROMERO

MULLER(ES) DE PALABRA

AGRUPACIÓN CULTURAL  
ALEXANDRE BOVEDA

Colabora:



T. 981 200 869  
acab@mundo-r.com  
www.acalexandreboveda.gal  
acab@mundo-r.com

 [twitter.com/ACBoveda](https://twitter.com/ACBoveda)

 [www.facebook.com/grupacion.cultural.alexandreboveda](https://www.facebook.com/grupacion.cultural.alexandreboveda)



# MERCEDES ROMERO



Por aquelas datas, xa levaba dous anos casada con Francisco Mazariegos, traballador do Banco Pastor da Coruña e activo militante da Federación da Banca da UXT, un activismo, por certo, que o levaba a ser detido e condenado a varios anos de cadea pola súa participación no Comité Revolucionario cando os sucesos de 1934 (causa 187/34 do Arquivo Intermedio Militar Noroeste, Ferrol). A amnistía da Fronte Popular, en 1936, deixouno en liberdade e, con ela, voltaría á súa participación sindical. Tristemente, a seguinte detención saldaríase con máis tráxico desenlace, como xa veremos.



Mercedes e Francisco casaran en 1931 e tiveran dous fillos: María Luisa e Enrique. Sendo eles moi pequenos, a familia vaise instalar en Monelos, nos Muíños, na vivenda da escola de nenas, onde Mercedes foi destinada como Mestra Nacional. Na vivenda da escola, igual que no gabinete de Francisco do Banco Pastor, practícaranse rexistros e incautáranse de fotografías e documentos a raíz do procesamento por auxilio á rebelión. Na vivenda da escola, ficará Mercedes soa cos fillos en canto Francisco está fóra, declarado en rebeldía, primeiro, e, despois, en prisión preventiva desde xaneiro de 1935. E alí recibiría tamén a carta oficial pola cal seu home foi despedido do Banco Pastor ao non se reincorporar logo das vacacións, presupondo nela que tiña relación coa causa que se lle abriera. Deste xeito, Mercedes será o único sustento da súa familia, xa que en finais do mes de xuño do 35, como un terríbel agasallo de aniversario, recibirá a sentenza a que fora condenado seu home: 6 anos e un día.

Mais Mercedes non se detiña. Co home preso e doente (padecía farinxite crónica) na cadea da Coruña e dous nenos pequenos, actuará como apoderada coa candidatura da Fronte Popular, que sairá gañadora nas eleccións de febreiro de 1936. Coa Fronte Popular, chegará

a amnistía e o día 19 dese mesmo mes, apenas 3 días despois dos comicios, Francisco Mazariegos será posto en liberdade.



Pouco duraría a alegría do reencontro familiar: só 5 meses despois, terá lugar o golpe de estado. Francisco toma parte activa na defensa do Goberno Civil da Coruña. Isto, xunto co seu pasado sindical como presidente do sindicato de Banca da UXT e membro da Agrupación Socialista da Coruña, sería considerado motivo abondo para o fusilaren en Punta Herminia no 31 de agosto. Perante isto, Mercedes, membro do Sindicato de Mestres da Coruña (UXT), non o dubida e decide partir, xunto cos nenos, a

América. Para iso, inicia as xestións para obter os pasaportes e documentos que lle permitan exiliarse, mais non o conseguiría.

Os falanxistas cortáronlle o paso e detivérona na cidade, ao lado da casa da sogra na praza de Santo Domingo. A partir de aí, as fontes recollen diversas versións, a cada cal máis atroz. Unhas falan de que a violaron e de que lle cortaron os peitos antes de a tirotearen. Outra, só recollen que foi baleada no pozo da Ponte da Castellana no día 19 de novembro do ano 36. Contan que, xunto ao cadáver, apareceu un mantón negro, de loito, vermello polo sangue. A súa cuñada recolleuno e arrebólóullelo aos policías que responderon que non sabían nada da mestra.

Está soterrada en Vilarraso, na enorme foxa común en que inicialmente foi inscrita como "Descoñecida nº 21". Meses despois do asasinato, corríxírase a información contida nos rexistros. Mercedes, en bata negra con tres botóns de catro esquinas por diante e probablemente con dentadura postiza, é das once persoas identificadas nunha foxa que rolda a trintena de represaliados.



Poema de Claudio Rodríguez Fer dedicado a Mercedes Romero Abella para a exposición *Vermellas*.

“A derradeira lección da mestra foi alongarse da preposición propia indo contracorrente cara a suma.

A derradeira lección da mestra foi debuxar con xiz sobre o verbo as ondas orixinais de Corcubión.

A derradeira lección da mestra foi a primeira clase obreira na súa escola laica de Monelos.

A derradeira lección da mestra foi amar no prisma da Coruña e concibir planetas e cadernos.

A derradeira lección da mestra foi metrallada nas terras de Aranga escritas no monte polo río Mandeo.

A derradeira lección da mestra foi enterrada en Vilarraso como toda a inocencia da lousa.

Ela daba leccións de humanidade. E nunca esqueceremos consonantes a derradeira lección da nosa mestra.”